

Nodo da Rede Española de Supercomputación no Instituto de Astrofísica de Canarias.

Nodo da Rede Española de Supercomputación no Instituto de Biocomputación e Física de Sistemas Complexos (BIFI) da Universidade de Zaragoza.

Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

Plataforma Oceánica de Canarias (PLOCAN).

Sistema de Observación Costeiro das Illes Balears (SOCIB).

Centro Nacional de Experimentación de Tecnoloxías do Hidróxeno e Pilas de Combustible (CNETHPC).

Centro de Láseres Pulsados Ultracurtos Ultraintensos (CLPU).

Consorcio ESS-Bilbao.

ANEXO XVI

Operacións do ente público RTVE que asumirá o Estado no exercicio 2009

Operación	Axente de pagamentos	Vencemento	Importe Euros
Bonos.	Caixa de Aforros e Pensións de Barcelona («La Caixa»).	09/05/2009	1.500.000.000
Total			1.500.000.000

ANEXO XVII

Proxectos de investimento que se convirán na Comunidade Autónoma de Cataluña

PROXECTOS

Denominación	Importe (miles de euros)
Infraestruturas de transportes:	
Variant Ribes de Freser	5.000
Construción dun viaduto en Cornellà de conexión entre a estrada de El Prat e a rotonda elevada da A2 (B10) PK 609-800	3.000
Circunvalación orbital ferroviaria	3.000
Plataformas para carril bus B-23 (Molins de Rei-Diagonal)	5.000
Mellora integración urbana B-20 ao seu paso por Santa Coloma de Gramenet	3.000
Melloras circunvalación litoral. Enlace Bellvitge-El Morrot	3.000
Ponte da Granja d'Escarp	3.000
Estrada Ribarroja-Almetret	3.000
N-260 Xerallo-Pont de Suert	1.000
N-340 Rotonda Amposta-Sant Jaume d'Enveja	150
Supresión paso nivel Plaza dels Carros de Tarragona	500
Desvío ferroviario fachada marítima de Tarragona	1.000
Ampliación paso subterráneo do ferrocarril en Vimbodí	600
Ponte sobre N-340 ao seu paso pola cidade de Tarragona	500
Desprazamento trazado liña ferrocarril Reus	200
Estación ferrocarril corredor Mediterráneo-Aeroporto de Reus	1.000
A-7 La Jana-Perelló	5.000
Ampliación estación ferroviaria de La Aldea e construción dunha terminal de mercadorías	500
Nova estación proximidades Viladecans	500

Denominación	Importe (miles de euros)
Acceso ferroviario Sants-Aeroporto	2.000
Infraestruturas ambientais e rurais:	
Recuperación liña da costa La Platera (Estartit)	500
Paseo marítimo en Colera	500
Ribes de Cadaqués	500
Paseo marítimo de Empúries	500
Recuperación da praia Sabanell no municipio de Blanes	1.000
Paseo marítimo de Badalona	5.000
Paseo marítimo de Viladecans	3.000
Observatorio da Fauna e do Oso Pardo dos Pireneos. Conselh Generau d'Era Val d'Aran	500
Actuacións de compensación aos regantes de Oliana e actuacións na cola da presa	300
Paseo marítimo das Calas de Miami	400
Paseo marítimo da praia Larga de Tarragona	400
Paseo marítimo de Cunit	200
Paseo marítimo de Calafell	150
Construción de camiño natural de Camarles até o camiño natural do Ebro	150
Remodelación do paseo marítimo de Alcanar	1.000
2.ª Fase do paseo fluvial de Amposta	500
Rehabilitación antiga estación Bot	150
Rehabilitación do Mercat del Pla como centro de comercialización de produtos agroalimentarios	550
Infraestruturas rurais en camiños	7.000
Infraestruturas en I+D+i:	
Parque Científico de Barcelona (Universitat de Barcelona)	3.000
Instituto de Investigacións Biomédicas August Pi i Sunyer	3.000
Institut de Recerca Biomèdica	2.000
Parc de Recerca Biomèdica de Barcelona	3.000
Institut Català d'Investigació Químic	1.000
Institut Català de Ciències Fotòniques	1.000
Institut Català de Nanotecnologia	1.000
Institut Català de Recerca de l'aigua (ICRA)	2.000
Institut de Recerca Energètica de Catalunya	2.000
Biocat para oficinas Ciencias da Vida do Instituto Europeo Tecnoloxía	2.000
Construción dun túnel de vento	5.000
Centre Tecnològic Forestal	500

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

20747 *ORDE EHA/3748/2008, do 23 de decembro, pola que se modifica a Orde EHA/3364/2008, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financeira en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro. («BOE» 309, do 24-12-2008.)*

A Orde EHA/3364/2008, do 21 de novembro, desenvolveu o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financeira en relación co Plan de acción concertada dos países

da zona euro co fin de concretar determinados aspectos fundamentais do réxime de outorgamento de avais ás entidades de crédito. En particular, era necesario precisar as características dos avais solicitadas, os requisitos que deberían cumprir as entidades beneficiarias e as operacións que se avalen e os distintos trámites que se seguirán para o outorgamento de avais.

Dada a evolución das necesidades do mercado, algúns dos requisitos e condicións recollidos no articulado da Orde EHA/3364/2008, do 21 de novembro, poderían constituír un obstáculo para a plena efectividade e máxima utilidade dos avais autorizados polo artigo 1 do Real decreto lei 7/2008.

Neste sentido, en relación coas características dos avais, é necesario modificar a alínea c) do artigo 1, que establece que cando se trate de emisións realizadas en divisas o aval non cubrirá o risco de tipo de troco, que será por conta do emisor. Co fin de non menoscabar o éxito das posibles emisións en divisas con aval do Estado, é necesario, por razóns de mercado, que o aval garanta as emisións na divisa correspondente tanto respecto do total do principal do crédito como respecto dos xuros ordinarios, asumindo o risco de tipo de troco. Na orde de outorgamento do aval arbitraranse os mecanismos que sirvan para minimizar o risco asumido polo Estado en relación co tipo de troco.

Así mesmo, e á vista do contido da Comunicación da Comisión Europea do 13 de outubro de 2008, sobre a aplicación das normas sobre axudas estatais ás medidas adoptadas en relación coas institucións financeiras no contexto da actual crise financeira mundial, considérase oportuno modificar o artigo 2.2.c) e 5.3.d) eliminando a referencia a «en España» cando se fala de emisións realizadas.

Por outro lado, en relación co outorgamento de avais, no artigo 7.3 da mencionada orde establécese que as emisións avaladas con cargo ao orzamento xeral do Estado para 2008 se deberán realizar antes do 1 de xullo de 2009.

Tendo en conta a evolución do mercado e a súa capacidade limitada para absorber grandes volumes de emisións, estímase que o prazo sinalado neste artigo resulta pouco operativo. Neste sentido, co fin de facilitar a colocación das emisións derivadas da Orde EHA/3364/2008, do 21 de novembro, considérase conveniente a modificación do mencionado artigo, ampliando ata o 15 de decembro de 2009 o prazo establecido.

Todo iso entenderase sen prexuízo do que xa establece a Orde EHA/3364/2008, do 21 de novembro, na súa parte expositiva, cando sinala que «Ademais, o mecanismo poderá ser revisado se as condicións do mercado así o requiren ou se así se determina de forma coordinada no seo dos mecanismos de coordinación financeira que se establezan na Unión Europea. En calquera caso, valorarase, dentro do prazo de seis meses desde o outorgamento dos avais, se subsisten os motivos que determinan a adopción deste sistema de avais do Estado e se, en consecuencia, é necesario o seu mantemento ou a súa modificación». Dada a temporalidade que caracteriza este tipo de medidas e que o recurso ás axudas poderá ter lugar non de forma ilimitada, senón soamente mentres a situación de crise xustifique a súa aplicación, o aval outorgado entenderase plenamente efectivo, irrevogable e incondicional cando as emisións foren realizadas e se cumpran os demais requisitos establecidos no artigo 7.2 da citada Orde, á vista, se é o caso, da revisión que proceda efectuar do sistema de avais.

Consecuentemente coas reformas operadas, concédese un novo prazo de presentación de solicitudes de aval para aquelas entidades que, á vista das modificacións introducidas pola presente orde, estiveren interesadas en obter o aval do Estado. Non obstante, non será necesario

que as entidades que xa o tivesen instado, reiteren a súa solicitude, por estas seren eficaces.

A presente orde inclúe, ademais, unha disposición derradeira primeira que modifica os artigos 6 e 8.1 da Orde EHA/3118/2008, do 31 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros. O obxectivo desta modificación é dar cabida no mecanismo de liquidación aos servizos de rexistro, compensación e liquidación de ámbito autonómico, creados ao abeiro do artigo 44 bis.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, para aquelas operacións que teñan por obxecto valores admitidos a negociación nunha única bolsa de valores. Paralelamente, o Fondo para a Adquisición de Activos poderá manter contas de valores nos ditos servizos.

Esta orde dítase en virtude das habilitacións recollidas no artigo 1.4 e na disposición derradeira primeira do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financiera en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro, así como na disposición derradeira primeira do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde EHA/3364/2008, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financiera en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro.

A Orde EHA/3364/2008, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financiera en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro, queda modificada como segue:

Un. O artigo 1.c), Características do aval, quedará redactado nos seguintes termos:

«c) O aval garantirá, exclusivamente, o principal do crédito así como os xuros ordinarios. Cando se trate de emisións en divisas, estableceranse na Orde de outorgamento do aval mecanismos de garantía que permitan minimizar o risco de tipo de troco asumido polo Estado.»

Dous. O artigo 2.2.c), Entidades que poden solicitar o aval, quedará redactado nos seguintes termos:

«c) Ter emitido durante os cinco anos inmediatamente anteriores á data de entrada en vigor do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financiera en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro, valores análogos aos que poden ser obxecto desta garantía.»

Tres. O artigo 5.3.d), Solicitude de avais, quedará redactado nos seguintes termos:

«d) O detalle do emitido durante os cinco anos inmediatamente anteriores á data de entrada en vigor do Real decreto lei 7/2008 por cada un dos tipos de valores que poden ser obxecto desta garantía. Para cada tipo de valor, comunicárase o detalle das emisións realizadas facilitándose unha listaxe en que figuren todas as emisións, especificándose para cada unha o seu código ISIN, o importe emitido, o prazo e o tipo de xuro resultante de cada emisión.»

Catro. O artigo 7.3, Outorgamento de avais, quedará redactado nos seguintes termos:

«3. As emisións avaladas con cargo ao orzamento xeral do Estado para 2008 deberanse realizar antes do 15 de decembro de 2009. O prazo límite para realizar as emisións avaladas con cargo ao orzamento xeral do Estado para 2009 establecerase por resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.»

Disposición transitoria única. *Apertura dun novo prazo de solicitude de avais.*

1. As entidades que, á vista das modificacións introducidas pola presente orde, estiveren interesadas en obter o aval do Estado, deberán presentar a súa solicitude ata o día 29 de decembro de 2008 ás 14.00 horas, ante a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, que será a encargada da súa tramitación, segundo o modelo establecido na Resolución do 24 de novembro de 2008, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se publica o modelo de solicitude de aval do Estado establecido no artigo 5 da Orde EHA/3364/2008, do 21 de novembro.

2. As novas condicións e termos establecidos nesta orde resultarán de aplicación ás entidades que xa soliciten o aval do Estado no prazo inicialmente establecido, sen necesidade de presentar nova solicitude.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde ministerial.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde EHA/3118/2008, do 31 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.*

Un. Dáse nova redacción ao artigo 6 da Orde EHA/3118/2008, do 31 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«Artigo 6. *Liquidación das operacións.*

A liquidación das operacións do Fondo farase a través de contas en efectivo en Target 2-Banco de España e contas de valores na «Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores, S.A., Unipersoal» (en diante, Iberclear) ou, de acordo co artigo 44 bis. 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, nos servizos propios de rexistro, compensación e liquidación das sociedades reitoras das bolsas de valores cando as operacións teñan por obxecto valores admitidos a negociación nunha única bolsa de valores.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 8.1 da Orde EHA/3118/2008, do 31 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«1. O Fondo poderá manter contas de efectivo no Banco de España e de valores en Iberclear e nos servizos propios de rexistro, compensación e liquidación das sociedades reitoras das bolsas de valores, de acordo co artigo 44 bis. 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, cando as operacións teñan por obxecto valores admitidos a nego-

ciación nunha única bolsa de valores. Corresponderá ao Banco de España a súa conservadoría e mantemento.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 23 de decembro de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

XEFATURA DO ESTADO

20801 *LEI 3/2008, do 23 de decembro, relativa ao dereito de participación en beneficio do autor dunha obra de arte orixinal.* («BOE» 310, do 25-12-2008.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

O dereito de participación dos artistas plásticos no prezo de revenda das súas obras foi introducido no dereito español coa Lei 22/1987, do 11 de novembro, de propiedade intelectual.

Concibida como unha figura destinada a estender os dereitos de explotación do autor dunha obra plástica máis alá da primeira transmisión, o seu recoñecemento nos ordenamentos xurídicos dos Estados membros da Unión Europea resultaba moi desigual.

A incidencia das disparidades referidas á existencia e configuración do dereito de participación no funcionamento do mercado interior determinou a adopción da Directiva 2001/84/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de setembro de 2001, relativa ao dereito de participación en beneficio do autor dunha obra de arte orixinal.

Constitúe o obxecto desta lei adaptar a regulación do dereito de participación ao disposto pola Directiva 2001/84/CE.

Malia que, en liñas xerais, a configuración do dereito presenta numerosos trazos en común coa regulación contida na directiva, introdúcense agora algúns cambios derivados do proceso de harmonización comunitaria.

En liña co modelo existente no ordenamento español, o dereito defínese como a participación nunha porcentaxe do prezo de revenda da obra e aplícase agora a aquelas revendas en que interveña un profesional do mercado da arte como comprador, vendedor ou intermediario. Á enumeración exemplificativa contida na directiva, que se refire a salas de vendas, galerías de arte e marchantes, a regulación española engade as salas de poxas e ademais alude a calquera persoa física ou xurídica que realice habitualmente actividades de intermediación, co fin de evitar que poidan quedar excluídas do pagamento do dereito as revendas efectuadas por suxeitos que, aínda desempeñando de forma habitual actividades no mercado da arte, actúen á marxe dos circuitos tradicionais. Incorporárase así mesmo a figura dos profesionais do mer-